

PROGRAMA ACTIVIDADES EDUCATIVAS MUNICIPAIS 2022-2023

RESULTADO SOLICITUDES ADMITIDAS

1.- ACTIVIDADES QUE SI SE POÑERÁN EN MARCHA:

As persoas que presentaron a súa solicitude están todas admitidas para as seguintes actividades:

- ACTIVIDADE INFORMÁTICA: ROBÓTICA E PROGRAMACIÓN: GRUPO 1: DE 6º E.I. A 2º E.P.
- ACTIVIDADE INFORMÁTICA: ROBÓTICA E PROGRAMACIÓN: GRUPO 2: DE 3º E.P. A 6º E.P.

Os dous grupos desta actividade darán comezo o vindeiro mércores 5 de outubro na aula municipal de Informática da Barcala (fronte á pista polideportiva descuberta da Barcala), ás 17:00 horas o grupo 1 e ás 18:00 horas o grupo 2.

- ESCOLA DE FAMILIAS:
 - o 1.- Absentismo e fracaso escolar: 17 de outubro de 2022 ás 19:00 horas.
 - o 2. Mediación de conflitos no ámbito escolar: 7 de novembro de 2022 ás 19:00 horas.
 - o 3. Uso responsable de redes sociais: 28 de novembro de 2022 ás 19:00 horas.
 - o 4. Iniciación á educación afectivo-sexual e coñecemento da diversidade: 12 de decembro de 2022 ás 19:00 horas.

Como aínda hai prazas vacantes, queda o prazo aberto para que se presenten máis solicitudes nestas dúas actividades. No caso da Escola de Familias queda aberto ata o día anterior á data da impartición da sesión que corresponda. O/a interesado/a deberá presentar a solicitude por rexistro de entrada municipal (previa cita) ou pola sede electrónica do Concello de Cambre (no caso da Escola de Familias máis información tamén no tf.: 981 613 291).

As baixas nalgunha destas actividades terán que facerse por escrito presentando a solicitude de baixa por rexistro de entrada municipal (previa cita) ou pola sede electrónica do Concello de Cambre.

2.- ACTIVIDADES QUE NON SE POÑERÁN EN MARCHA POR NON ACADAR O Nº MÍNIMO DE SOLICITUDES:

- XADREZ (iniciación).
- XOGOS PREDEPORTIVOS.
- ESCOLA DE MINIVOLEIBOL (iniciación).
- ESCOLA MUNICIPAL DE CICLISMO.
- OBRADOIRO DE INGLÉS.

Cambre, 29 de setembro de 2022.

O concelleiro de Educación, Mediambiente, Mobilidade e Sanidade

Miguel Ángel Gutiérrez Nieto